

Espertar e deitarse máis tarde ca o sol, andar na bici, xogar na praia, embadurnarse de xeados e sandías, sacar brillo aos parques, disfrutar das amizades, papases, mamases, avós, avoas, ti@s, curmáns/ns, pasear ás amizades de 4 patas, millor ás gatunas non que se pasean soas... e un anaquiño diario para voar sen esnafrate, sen parapente, globo nin avión; un anaquiño de relax que podes compartir na cama, na herba, no sofá, na area, na túa árbore favorita. Sen compromisos, sen obrigas, só polo pracer de saborear cada verba, cada ilustración, cada imaxe que as túas neuronas (nunca collen vacacións) dibuxarán na túa cabeza asoleada. Cada día, un anaquiño de LECTURA. Pídetes un libro por aprobar. Para aprobar. Visita a Biblioteca Municipal. Intercambia libros cos/as amig@s. Pídelles a alguén que te lea. Lelle ti a alguén...

No verán,



Coma sempre...



un bo

libro

e unhas lectoras
vacacións.

<http://www.pinterest.com/micabigotes/>

<http://contosebigotes.blogspot.com.es/>

<https://www.facebook.com/pages/Mica-Bigotes/453006128117356>

DENDE A
BIBLIOTECA
"PAULA
CARBALLEIRA"



E. Gorey

LECTOR@S AUTÓNOM@S

PENSANDO
NESTE VERÁN
DE 2015...

...que tod@s pensades
disfrutar ...



© Beth Wilson 2013


... o rato gordecho e máis eu saímos buscar o millor alimento fresquiño e saboroso para que as vosas neuronas non só naden na praia:

LECTURA!!!

• **Máis alá da fiestra-M. Sendak-Kalandraka:** Está moi farta de ter que coidar á irmá pequena, pero síntese responsábel da súa desaparición e non dubidará en ir rescatala dos trasnos que a raptaron.



• **As aventuras de Pinocho-C. Collodi-Kalandraka:** Un clásico que non podes deixar pasar, ilustrado por R. Innocenti.



• **A rula, o peluche e a nena-Paco Martín-Xerais:** Airosiña é unha pequena rula moi curiosa, non parará ata saber que é aquel obxecto estrano que ve tralos cristais dunha galería.

• **Viaxe a Dragonia-X. López D.-Rodeira:** Teodosio e Eudoxio son dous magos que se levan fatal. A bruxa Herminia fai traballíños esporádicos para complementar o seu salario de pasteleira. E, un día, desaparece o terrible libro Dragonis Terribilis. Xa só con isto, o conto empézache mal...



• **Rubicundo-María Canosa-Xerais:** Rubicundo é o veciño de Erea, un pouco raro, sae polas noites, todo vestido de negro, coa súa bici, nunha árbore...




• **Amizades secretas-Agustín Fdez. Paz-Rodeira:** A Bea non lle deixan ter mascota. Cando cambia de casa, descubre a Ollos Grandes, a máis lista dunha camada de ratiños.



• **O bigote de Mimi-Manuel María-FMM:** É ben sabido que o bigote é o orgullo d@s gat@s, e o de Mimi é especial. Can, gat@s e ratos, ademais do liante de Fiz, nesta nova edición ilustrada por Xaquín Marín.

• **Cadros dunha exposición-Mussorgsky-Kalandraka:** As pinturas de Hartmann cobran vida cando Ocazul visita o museo de S. Petersburgo. Le, mira e escoita.



• **La abuela y su gato gordo 2-Konami Kanata-Planeta Cómic:** Manga coas novas aventuras cotiás desta gata mimosa e rebuldeira e a avoa coa que vive.



• **A cuadrilla da Fonte Navegante:** Hip hop, muiñeira, chachachá, rock. Se non bailas, será porque non queres. Trasnós, serea, ata un can roncador. Que máis queres? Ribeirán



Queres máis? total!!!

